

Cesáreo González

Cesáreo González

Nacemento	29 de maio de 1903
Lugar de nacemento	Vigo
Falecemento	20 de marzo de 1968
Lugar de falecemento	Madrid
Soterrado	Cemiterio de Pereiró
Nacionalidade	España
Ocupación	produtor de cinema e empresario
Premios	Gran Cruz da Orde do Mérito Civil

•

Cesáreo González Rodríguez, nado en Vigo o 30 de maio de 1903 e finado en Madrid o 20 de marzo de 1968, foi un distribuidor e produtor cinematográfico, fundador de Suevia Films.

Traxectoria

Naceu nunha familia de orixe labrega. Emigrou a Cuba con doce anos, e logo a México. En 1931 regresou a Vigo, e investiu os cartos que gañara en varios negocios, como unha axencia de publicidade, a sala de festas Savoy ou a representación de Citroën en Galicia. Acadou axiña grande éxito como empresario, e na tempada 1934-1935 foi presidente do Real Club Celta de Vigo.

En 1940 decidiu investir no negocio cinematográfico, que coñeceu pola rodaxe en Galicia de *El famoso Carballera*, de Fernando Mignoni. Creou a produtora Suevia Films, e promoveu o filme *¡¡Polizón a bordo!!* (Florián Rey, 1941), inspirado na súa propia aventura migratoria. Procurou dar difusión ás súas películas, con historias sobre a morriña para o público galego emigrante en América (*Mar abierto*, Ramón Torrado, 1946). Ao tempo, fixo superproduccións históricas como *Reina Santa* (Rafael Gil, 1947) que inicialmente ía protagonizar a actriz británica Madeleine Carroll e finalmente interpretou Maruchi Fresno.

Na década de 1950 consolidou un *star-system* propio, coa sinatura de contratos en exclusiva con xente coñecida como Lola Flores, Sara Montiel, Carmen Sevilla, Paquita Rico, Joselito ou Marisol. Faleceu logo de asinar un contrato para catro películas con Luis García Berlanga.

Películas

A continuación algunhas das películas que produciu.

- *Polizón a Bordo* (1941)
- *Bambú* (1945)
- *Botón de Ancla* (1947)
- *La nao Capitana* (1947)
- *Mare Nostrum* (1948)
- *La corona negra* (1950)

- *Teatro Apolo* (1950)
- *La Señora de Fátima* (1951)
- *Violetas imperiales* (1952)
- *Camelia* (1953)
- *Pena, penita, pena* (1953)
- *La bella Otero* (1954)
- *Historias de la radio* (1955)
- *La Faraona* (1955)
- *Limosna de amores* (1955)
- *Fedra* (1956)
- *Faustina* (1956)
- *Calle Mayor* (1957)
- *La Guerra Empieza en Cuba* (1957)
- *El ruisenor de las cumbres* (1958)
- *Ha llegado un ángel* (1961)
- *El balcón de la luna* (1962)
- *El caballo blanco* (1962)
- *Los pianos mecánicos* (1965)
- *Cristina Guzmán* (1968)
- *¡Vivan los novios!* (1970)